

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 12.11.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.06 h do 12.11.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Ponte, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Non asisten as concelleiras:

Juana Barro Couto e Alejandra Permuy Meizoso

Secretario en réxime de acumulación:

Manuel Larrosa Rodríguez

Interventora:

D-0

Maria Teresa Diz Alonso

09/30

05/1

-p-

F:

A. Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión**

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que urxencia desta sesión vén determinada polo vencemento do contrato de Viaqua mañá 13.11.2018, polo que hai que adoptar as medidas oportunas para dar por vencido o contrato e regulamentar as situacións posteriores que derivan do seu vencemento, segundo se inclúe no punto segundo da orde do día. Respecto do punto terceiro da orde do día anuncia que se vai retirar da orde do día porque falta a emisión do informe de Intervención, así este punto introducirase no seguinte Pleno extraordinario que terá lugar en breve para o pagamento de facturas.

**Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría absoluta de 12 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal Socialista.**

### **2. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía da extinción administrativa da concesión do servizo de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Fene; acordos que procedan, expediente 2018/X999/000895**

Consta no expediente informe da secretaría favorable do 09.11.2018 e a Proposta da alcaldía do 09.11.2018, que copiada di:

“PROPOSTA

ANTECEDENTES.

1.- O Concello Pleno, previa tramitación do correspondente expediente de contratación e adxudicación, en sesión de data 04.11.1993, acordou adxudicar o contrato de concesión da

explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene a AQUAGEST. PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA S.A.U. (en diante AQUAGEST).

2.- En data 19.11.1993 formalizouse contrato de explotación de servizos municipais de abastecemento de auga e rede de saneamento do municipio de Fene", consonte o Prego de condicións para aprobado pola Corporación Municipal en data 01.07.1993. Na súa cláusula Quinta se pactou que "O presente contrato terá unha duración de QUINCE ANOS, tal e como se recolle no Prego de Condicións, contados a partir do día 13 de Novembro de 1993, por recibi-la notificación da adxudicación o día 12 do mesmo mes e ano."

3.- En data 26.03.2002 modificouse a "cláusula quinta do contrato", quedando redactada do seguinte xeito: "O presente contrato terá unha duración de VINTECINCO ANOS, contados a partir do día 13 de novembro de 1993."

4.- En data 26.02.2014, tras solicitude formulada en data 25.10.2013 (RXE núm 9395) e acordó plenario de 06.02.2014, o Concello e VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U, acordaron que ésta mercantil continuará co contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanantes do dito contrato, trala escisión realizada polo empresa adxudicataria AQUAGEST.

O 26.02.2014 (RXE núm 1776) VIAQUA presentou certificación bancaria en relación ao aval inscrito no REA co número 9340-03-0084.539-52 constituído por AQUAGEST a favor do Concello de Fene como garantía definitiva do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene. En dita certificación se sinala que como consecuencia da escisión total de AQUAGEST o aval constituído segue vixente, sendo a actual avalada a sociedade VIAQUA.

5.- De conformidade con art.20.2 do Prego, e causa de extinción do contrato o cumprimento do prazo establecido.

6.- O artigo 8.3 do Prego impón á concesionaria a presentación de partes trimestrais sobre o estado da rede, anomalías e necesidades futuras. Asemade, se establecía o obriga de proceder á elaboración dun informe do estado de conservación e funcionamento das instalación con estudo de melloras posibles a realizar para a posta a punto da mesma, que garantice o seu perfecto funcionamento.

7.- O artigo 9.4 do Prego dispón que "O adxudicatario confeccionará no prazo dun ano a partires da iniciación do servizo, e terá ó dña, o plano da rede de distribución a escala 1/1000. Anualmente refundirá nun novo plano as rectificacións ou ampliacións que se produzan nas redes de abastecemento e saneamento. Este plano conterá tódolos datos relativos á dimensión e situación de tuberías, válvulas, descargas, etc. e será entregado Ó Concello."

8.- Innda do contido do artigo 9.13 do Prego, polo que se dispón que "En ningún caso o Concello adquirirá compromiso nin obriga algunha con respecto ó persoal que empregue o adxudicatario, e en caso de terminación ou resolución do contrato por calquera causa, dito persoal non pasará a depender da Corporación Municipal", ós efectos de procurar a adopción da decisión máis convinte para o interese público terá que coñecerse o persoal que a concesionaria teña situado en Fene para a prestación do servizo, con indicación da súa formación, antigüedad, cometidos e retribucións. Pola súa banda, o artigo 19, sobre CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS, aconsella tomar constancia da acreditación de tales cumprimentos.

10.- O artigo 10 do Prego establece determinadas obrigas e dereitos do Concello e da Concesionaria en relación coa recadación da facturación do servizo.

11.- Consonte o artigo 127.2 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Corporación ostenta a potestade de fiscalizar a xestión do concesionario, a cuio efecto poderá inspeccionar o servizo, as súas obras, instalación e locais e a documentación relacionada co obxecto da concesión, e dicta-las órdenes para manter ou restablecer a debida prestación.

## DEREITO

Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Ley de Contratos del Estado, D.T.1ª Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e D.T.Unica da Ley 31/2007, de 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, enerxía, transportes e servicios postais.

Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

Decreto 3410/1975, de 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeneral de Contratación do Estado.

Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 9 de xaneiro de 1953

Ley 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

Ley 57/2003, de 16 de nadal, de medidas para a modernización do goberno local.

DIRECTIVAS 23 A 24/2014/UE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

Por

polo exposto, propóñolle a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para a determinación da adopción da forma directa ou indirecta da xestión do servizo de abastecemento de auga potable e alcantarillado do Concello.

SEGUNDO.- Dar conta a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U da extinción do contrato por cumprimento do prazo establecido.

TERCEIRO.- Requerir á empresa concesionaria VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U para que prosiga na prestación do servizo ata que o Pleno do Concello adopte a decisión correspondente sobre a forma da xestión do servizo e actuacións complementarias.

CUARTO.- Acordar o inicio de expediente de información e actuacións previas coa finalidade de coñecer o estado da explotación de servizo de abastecemento de augas coa finalidade de dar inicio ó expediente de liquidación da concesión, correspondendo o seu impulso e tramitación a Alcaldía do Concello, co auxilio técnico, financeiro e xurídico que precise, e para que en relación o obxecto das cláusulas 8.3, 9.4, 9.13, 10 do Prego e 127.2 e concordantes do Regulamento de Servicios acade a información necesaria para adoptar a resolución que proceda de cara a liquidación do contrato, delegando no Alcalde a facultade de dirixirse á VIAQUA para obter a información que precise de cara ó bon fin do expediente.

QUINTO.- Proceder a designación dun interventor técnico que proceda á vixianza e conservación das obras e instalación que forman parte da concesión, e proceda a relacionar e inventariar os bens e dereitos que deban restituirse, así como da documentación que deba obrar en poder desta Corporación, en particular, ficheros, contas bancarias de cargo e contías adeudadas dos usuarios do servizo, así como de cantos datos estén protexidos pola Ley de Protección de Datos de Carácter Personal, persoal que desenvolva a súas tarefas no servizo obxecto da concesión e calquera outra que garde relación co seu cometido.

SEXTO.- Notificar dita resolución a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U para o seu coñecemento e efectos, con indicación dos recursos que procedan."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que como non interveu antes na votación da urxencia di que o seu grupo votou favorablemente porque mañá remata o contrato e a un asunto destas características hai que darlle solución. Respecto ao punto en si mesmo di que a forma de presentar un asunto tan importante para o Concello non é oportuna, non houbo tempo de analizar correctamente a proposta que se trae, así o venres a última hora houbo unha reunión á que non foi notificado e asistiu porque chamouno alguén da oposición e por iso di que debíase ter algún tempo máis e que isto ben se puido facer un pouco antes, pois houbo reunións anteriores no que se puido ter informado. Por todo isto, o seu grupo vaise abster neste asunto, ademais de que é o goberno quen debe tomar esta decisión.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que hai cousas que non deixan de sorprendellevle. O certo é que vota de menos non falar antes para explicar a abstención do seu grupo na urxencia. Di que nesta cuestión pode ter algunha discrepancia respecto das formas pero non sobre o fondo. A abstención do seu grupo na urxencia ten un sentido de certa protesta, pero non lle cabe dúbida de que mudaría a votación se se cuestionase que o Pleno seguise adiante, porque entende que esta decisión hai que tomala antes de que se extinga o contrato. A abstención foi motivada porque o asunto é urxente a día de hoxe, pero non o era urxente en agosto de 2016 cando el ostentaba a concellería de Obras e xa lle presentou ao goberno un informe preliminar que propoñía a incorporación a AEOPA, entidade que asocia aos concellos que xestionan directamente os recursos de auga e saneamento, e advertía naquela proposta que se estaba xusto de tempo para tomar todas as medidas necesarias. Lembra que o contacto con AEOPA produciuse a finais de xuño de 2016, en compañía do actual concelleiro de Obras, a raíz dunhas xornadas que houbo en Ferrol ao que asistía o seu xerente. A raíz de aí presentouse o informe sobre a auga para o seu debate na Xunta de Delegados e non se chegou a debater polos feitos que aconteceron nos primeiros días de agosto, no que Juventino Trigo cesou á maioría dos concelleiros do seu goberno, incluídos os do grupo municipal Socialista. Hoxe, o voceiro do grupo municipal do BNG dixo que chegan as cousas tarde e sen tempo, pero dille que se el tivese feito o seu traballo chegaría con tempo de sobra. Aparte disto, no 2017, o seu grupo presentou unha nova moción no que se aprobou a maior parte das cuestións que hoxe se volven traer a este Pleno. Naquela moción, que foi aprobada pola maioría deste Pleno, xa se acordaba que había que determinar que modelo de servizo de auga había que ter, xa se acordaba o punto cuarto da Proposta de hoxe que había que iniciar o estudo para determinar o cumprimento ou non de Viaqua respecto das obrigas co Concello, xa se aprobaba a maior parte do contido do punto quinto que é proceder a designación dun interventor técnico. No 2017 lembrábase isto logo de que vencese o prazo estipulado no contrato para designar o interventor sen que o goberno daquela o tivese nomeado. Transcorreron dezaoto meses dende que se lles advertiu daquela situación sen que se moveuse nada e lembra incluso un par de inútiles reunións respecto do tema da auga para avanzar nisto, xunto coa Comisión que se acordou naquel Pleno e que nunca se chegou a pór en marcha, porque aquel goberno nunca a quixo constituír. Por iso dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que isto provoca que o seu grupo acuda a este Pleno nunha posición de absoluta irresponsabilidade. Lembra que o PP e Somos Fene accederon á alcaldía en marzo de 2018, hai oito meses, tempo no que se podía ter avanzado neste tema e non se fixo nada. Este novo goberno xa contaba coa resolución plenaria do 2017 e tampouco entende que se chegue hoxe aquí, un día antes do vencemento do contrato, a darlle unha solución. Pensa que neste caso a dilixencia brillou pola súa ausencia tanto do anterior como do actual goberno, moito máis no caso do goberno anterior que estivo máis tempo ca o actual goberno. Na materia concreta do acordo que se trae ao Pleno di que no punto primeiro, cuarto e quinto, o seu grupo non pode máis que votar a favor e estar de acordo porque basicamente son os puntos que recollía aquela moción do seu grupo no ano 2017. Respecto do punto sexto di que é unha consecuencia dos anteriores e non ten comentario. Respecto do punto segundo esta totalmente de acordo porque ademais o contrato extinguese e xa foi prorrogado no seu día daquela maneira, polo que procede dar por rematadas as cousas cando as hai que rematar. Respecto do punto terceiro é probable que hoxe, igual que xa hai uns meses, non houbese moita mellor solución que a que se formula, o seu grupo preferiría que ao remate do contrato o Concello puidera asumir a xestión directa e, de ser o caso de necesitar algunha asistencia técnica, poder contratar no mercado a unha empresa ou entidade que puidera ofrecela para aqueles aspectos que o Concello non puidera asumir. Tamén é verdade que prefería escoller a quen mantén unha actitude tan pouco cariñosa con este Concello, logo de vinte e cinco anos de relación, mantendo demandas xudiciais sobre temas que algúns semellan, dende o punto de vista dos intereses dos veciños e veciñas de Fene, posicións esprepénticas por parte de quen leva tanto tempo obtendo beneficios a costa dos veciños e veciñas de Fene. É certo que houbese preferido outras alternativas, é certo que se isto se comezase a traballar no seu tempo, xa que ninguén dos concelleiros aquí representados poden dicir que non

sabían cales eran os tempos e que isto xa ía xusto cando recibiron a primeira alerta, hoxe non terían que tomar esta decisión. Tamén é probable que a esta decisión xa estivesen condenados dende hai meses. Vota de menos nesta Proposta os prazos porque hai puntos que acordaron hai meses e non se avanzou nada. Sabe que pode ser difícil fixar prazos porque hai procedementos que poden estenderse no tempo, pero o seu grupo estima que non se deben deixar portas abertas para que isto sexa indefinido, aínda que o acordo avanza que se van iniciar xa procedementos para determinar o finiquito do contrato e o cumprimento das obrigas do concesionario ou non, pero pensa que a estas alturas xa podería estar definido que modelo de servizo de explotación de auga se quere. O grupo municipal Socialista levaba no seu programa electoral e así o di hoxe e o manterá no futuro, que o seu modelo de xestión da auga do Concello é recuperar totalmente o control por parte da administración e prestar o servizo directamente. A partir de aí, anuncia a predisposición do seu partido para consensuar un modelo entre todos os grupos políticos, que entende que tería que ser unha posición lineal, que decisións desta transcendencia se fagan con garantía para a veciñanza que se van manter ao longo do tempo, porque se trata de servizos básicos no que os veciños e veciñas de Fene se xogan moitísimo. Hoxe propón, na liña da Moción do 2017, que se inicie o expediente para a determinación da forma de xestión e se aclare dunha vez á marxe das cuestións técnicas que se deban resolver. Hoxe, o seu grupo vai votar a favor, por responsabilidade e non porque se traian os deberes feitos. In extremis medio se normaliza a situación pero en todo caso pensa que a decisión hai que tomala, que a extinción do contrato hai que tomala e invita ao goberno a concretar o que falta por concretar, pois as distintas formacións políticas segundo os seus programas electorais xa avanzaron cales son as súas posicións, por iso non sabe cal é o problema para que se poida acordar dun xeito definitivo, se todas as formacións políticas representadas neste Pleno concordan en que o mellor para o Concello é un servizo público directo, e se poida comezar a traballar tecnicamente cal é o modelo, dentro da xestión directa, que poida ser o que máis lle conveña. Remata a súa intervención anunciando que votará en favor con todas as cuestións que deixou pendente e coa firme vontade de que se non se concretan tempos presentará, nas vindeiras semanas, iniciativas que solventen esta carencia do goberno.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que o seu grupo si foi avisado á xuntanza que fixo referencia o voceiro do grupo municipal do BNG. Gustaríalle que os pasos encamiñados a solucionar o tema da auga fosen intentando que o servizo da auga fose municipal e anuncia que o seu voto será a abstención.

A continuación intervén o alcalde que di que toma nota das consideracións manifestadas e di que hoxe ponse a primeira pedra para iniciar estes expedientes. É certo que se puido iniciar antes e ter un coñecemento máis concreto do que é o estado da concesión, pero tamén entende que á data do vencemento do contrato se tiña que tomar esta decisión. A partir de hoxe, será a alcaldía quen se encargará de impulsar os procedementos aos que se fai referencia na Proposta da alcaldía.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que hoxe trátase un asunto moi importante e moi concreto, que é a proposta do vencemento do contrato. Di que non quere afondar moito máis e a partir de agora haberá que debater sobre o modelo e o tipo de formas. Lémbrale ao voceiro do grupo municipal Socialista o seu continuo boicot sistemático ás reunións que se fixeron respecto da auga, é máis, respecto de calquera reunión posterior sobre calquera asunto que se tratou posterior á súa saída do goberno e lémbrale que el tardou un ano de goberno en darse conta de que había que facer isto. Di que hoxe o seu grupo veu a un tema concreto e o que fixo na súa primeira intervención foi centrarse neste asunto.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que minte asquerosamente e pídelle que lle diga unha soa vez na que se lle convocara a unha reunión e non acudira. Foi o partido Socialista o único quen nestes máis de dous anos trouxo mocións para solucionar o problema da auga e el, o único que fixo, foi darlle as costas aos veciños e veciñas de Fene e incumplir os acordo plenarios. Dille que non ten vergoña e que veña aquí a dicir infamias e mentiras é insultante, non ten dignidade e é un mentireiro.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que contéstalle ao voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, respecto dunha vez que non acudiu a unha reunión que pódelle dicir unha que consta nunha acta, á Comisión Informativa de marzo de 2018 no que se tratou o regulamento do Punto Limpo. Vostede e o seu

grupo obrigou a retirar o regulamento para dous meses despois, votar a favor da mesma proposta de regulamento sen cambiar nin unha coma.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que contéstalle ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que terá que ver iso coa auga?. Dille que se descalifica só coas súas intervencións e dille que non ten nada que ver a xestión do Punto Limpo coa xestión da auga. Dille que saca isto porque non ten outra cousa que dicir porque sabe que na súa intervención anterior mentiu, dixo falsidades que non se corresponden en nada coa realidade.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene), con 4 abstencións (3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para a determinación da adopción da forma directa ou indirecta da xestión do servizo de abastecemento de auga potable e alcantarillado do Concello.**

**SEGUNDO.- Dar conta a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U da extinción do contrato por cumprimento do prazo establecido.**

**TERCEIRO.- Requerir á empresa concesionaria VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U para que prosiga na prestación do servizo ata que o Pleno do Concello adopte a decisión correspondente sobre a forma da xestión do servizo e actuacións complementarias.**

**CUARTO.- Acordar o inicio de expediente de información e actuacións previas coa finalidade de coñecer o estado da explotación de servizo de abastecemento de augas coa finalidade de dar inicio ó expediente de liquidación da concesión, correspondendo o seu impulso e tramitación a Alcaldía do Concello, co auxilio técnico, financeiro e xurídico que precise, e para que en relación o obxecto das cláusulas 8.3, 9.4, 9.13, 10 do Prego e 127.2 e concordantes do Regulamento de Servizos acade a información necesaria para adoptar a resolución que proceda de cara a liquidación do contrato, delegando no Alcalde a facultade de dirixirse á VIAQUA para obter a información que precise de cara ó bon fin do expediente.**

**QUINTO.- Proceder a designación dun interventor técnico que proceda á vixianza e conservación das obras e instalación que forman parte da concesión, e proceda a relacionar e inventariar os bens e dereitos que deban restituirse, así como da documentación que deba obrar en poder desta Corporación, en particular, ficheros, contas bancarias de cargo e contías adeudadas dos usuarios do servizo, así como de cantos datos estén protexidos pola Ley de Protección de Datos de Carácter Personal, persoal que desenvolva a súas tarefas no servizo obxecto da concesión e calquera outra que garde relación co seu cometido.**

**SEXTO.- Notificar dita resolución a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U para o seu coñecemento e efectos, con indicación dos recursos que procedan.**

**3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía da aprobación do convenio co Concello de Cabanas e autorización da compatibilidade dunha funcionaria de carreira para o desempeño dunha segunda actividade no sector público, expediente 2018/G006/000094**

**O alcalde decide retirar este asunto da orde do día e achegarllo á intervención municipal para os efectos do seu estudo.**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.37 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario en réxime de acumulación Manuel Larrosa Rodríguez e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

0-G  
360  
150  
P-  
E:  
CI